

RUTA RIO TINTO, VISITA PAZO DE FAREMELLO E COMIDA EN RESTAURANTE SAN MARTIÑO

Para a última reunión antes do verán desprazáremos ata a contorna de Santiago.

RUTA DO RÍO TINTO

Comezaremos a nosa ruta no aparcamento do Pazo do Faramello. Nos 8 km de ruta desfrutaremos dos bosques polos que percorre o Río Tinto así como os vestixios en pedra que construíron os nosos antepasados (pontellas, muíños...). Destaca especialmente a Ponte de Paradela, unha ponte medieval dun só arco sobre o río Tinto que comunica os lugares de Francos (Teo) e Xinzo (Brión).



Despois dunha pequena subida chegaremos ao Castro Lupario, un castro romanizado situado entre os concellos de Rois, Brión e Teo onde as lendas xacobeas sitúan a mansión da raíña Lupa. Destaca pola súa imponente muralla de pedra.



Baixaremos ata Angueira de Castro, unha típica aldea de pedra de trazado sinuosos en perfecto estado de conservación. Poderemos ver varios hórreos de madeira que continúan en uso.



Remataremos a ruta no punto de inicio, o Pazo de Faramello, para facer unha **visita guiada polo recinto ás 12:00h.**

PAZO DE FARAMELLO

É o pazo máis visitado de Galicia, e con razón. O edificio de comezos do século XVIII ten estilo barroco e está situado nunha finca de 398.000 m² na que destacan piscinas, fontes, canles e pozas naturais. Na súa orixe o pazo foi unha Real Fábrica de Papel fundada en 1.710.



COMIDA EN RESTAURANTE SAN MARTIÑO

Ao finalizar a visita desprazarémosnos ata o restaurante San Martiño onde comeremos uns entrantes variados seguidos dunha parrillada de carne.

San Martiño
restaurante & catering

TARDE LIBRE POR PADRÓN



Finalizada a comida, iremos ata Padrón, onde esta fin de semana se celebra a XVII feira medieval.

Nas principais rúas do casco histórico haberá numerosas actividades, postos de artesanía e ambientación que nos trasladarán séculos atrás.

Teremos tempo libre para perdernos polas súas rúas.

Quen prefira algo máis cultural pode visitar a casa museo de Rosalía de Castro (aberta ata as 19h). Tamén pódese ir ver o Pedrón, unha ara romana, onde segundo conta a tradición xacobeá, foi amarrada a barca que trasladou os restos do apóstolo Santiago desde Palestina, acompañado polos seus discípulos Teodoro e Atanasio, ata as costas galegas. Esta peza tan importante dentro da cultura xacobeá pode contemplarse baixo o altar maior da Igrexa de Santiago, en Padrón, levantada ao carón do río Sar no ano 1133 polo arcebispo Xelmírez. O Pedrón deu lugar ao topónimo da vila e na súa parte frontal pode observarse unha inscrición traducida por algúns autores como "A Neptuno el Foro Iriense con su dinero". A igrexa de Santiago está aberta os sábados ata as 20:30h.